Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Casiña dos Ladróns

Chámanlle así a unha cova que hai en Bolmente, concello de Sober (Lugo.

Polo visto é moi longa e ninguén lle coñece cabo. Seica unha vez se meteu por ela un can, outros din que foi un gato, e cando ladraba, ou miañaba, sentíase a moita distancia, nada menos que en Fontemaior.

Dentro desta cova hai tres pipotes, un de ouro, outro de prata e outro de xofre. Quen atope o de ouro, ou o de prata, queda rico, pero se dá co de xofre quedan anegadas sete leguas á redonda.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.